

**INFORME CLIMATOLÓGICO  
MES DE SETEMBRO DE 2020**



## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN .....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES .....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA .....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. ....	7
5	TEMPERATURA .....	11
5.1.	Temperatura media das máximas. ....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas. ....	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010. ....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2020. ....	17
6	PRECIPITACIÓN .....	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual setembro 2020. ....	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. ....	19
6.3.	Días de chuvia en setembro de 2020 .....	20
6.4.	Evolución da precipitación en setembro de 2020 .....	22
7	VENTO .....	23
8	RADIACIÓN SOLAR .....	26
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual .....	26
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal. ....	27
9	RAIOS .....	28

**Anexo: Resumo mensual**

**Data edición: 07/10/2020**



**Mes de setembro cálido e precipitación no rango normal.**

## 1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



## 2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de setembro quedou marcado por unha primeira quincena de tempo seco, soleado e con anticiclóns que achegaban aire cálido. Polo tanto foi tamén unha primeira quincena de temperaturas elevadas. Porén, na segunda quincena tivemos a chegada de borrascas, unha delas moi activa e fría para esta época do ano, que en parte compensou o exceso de calor das primeiras semanas. Polo tanto, o mes de setembro en conxunto foi cálido e a chuvia acumulada dentro da normalidade.

Así, os primeiros dous días do mes sucedéronse baixo o predomino de condicións anticiclónicas, que deixaban algunha nube pola mañá, pero en xeral tempo soleado con temperaturas non excesivamente elevadas.

As altas presións conseguiron chegar aire cálido procedente do sur da península Ibérica nas xornadas do 3 e do 4, deixando xornadas moi calorosas para un mes de setembro. Superáronse os 30°C en moitos lugares e os 35°C en áreas do val do Miño, aínda que o día 4 a chegada de néboas ao litoral atlántico fixo que as temperaturas fosen máis suaves nestas comarcas.

Entre o 5 e o 8 as condicións seguiron sendo anticiclónicas, pero con temperaturas algo máis suaves que nos días anteriores e ventos do nordés, que se notaron principalmente no terzo norte.

As temperaturas foron de novo subindo por mor da chegada dunha nova masa de aire cálido, rexistrándose de novo valores moi elevados, por riba dos 35°C, en puntos do sur entre os días 9 e 13.

O desprendemento dunha bolsa de aire frío da circulación xeral deixou un ambiente de máis inestabilidade na xornada do 14, con chuvascos tormentosos en puntos do interior e un descenso das temperaturas.

Esta bolsa de aire frío retirouse cara ao leste, polo que os días 15 e 16 tivemos un novo ascenso das temperaturas.



Sen embargo, o día 17 os chuvascos foron xeneralizados e o descenso de temperatura significativo en toda a Comunidade.

Nos seguintes días, 18, 19 e 20 os chuvascos continuaron sendo protagonistas, principalmente no interior.

O día 21 tivemos unha xornada de transición, pero as xornadas do 22, 23 e 24 rexistraban temperaturas discretas e algunhas chuvias dispersas, con situacións intermedias, aínda que máis preto das baixas que das altas presións.

O día 25 chegaba a borrasca máis profunda do mes, descolgada de latitudes moi ao norte, polo que se trataba dunha baixa moi fría e activa para este momento do ano, que deu lugar a dúas xornadas, 26 e 27, con temperaturas baixas e precipitacións xeneralizadas.

As altas presións volveron na xornada do 28, quedando unha tarde de ceo moi aberto. A coincidencia destes ceos despexados e os restos do aire frío da borrasca fixeron que as primeiras horas do 29 fosen moi frías, mesmo con xeadas nalgúns puntos do interior.

A xornada do 30 foi netamente anticiclónica, cun importante ascenso das temperaturas, pero xa no derradeiro día do mes, comezaba a notarse a chegada dunha nova borrasca, con algunhas chuvias ao final do día.

### **3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA**

No mapa de anomalía de presión en superficie (Figura 1), obsérvase unha forte anomalía positiva ao oeste de Europa, que sen embargo, non chega a afectar á Comunidade. En altura (Figura 2), si se pode apreciar unha anomalía positiva, aínda que non moi elevada, debido principalmente, á compensación da predominancia anticiclónica da primeira quincena do mes, coas profundas borrascas que afectaron á Galicia na segunda quincena do mesmo.

### Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Setembro-2020.

### Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Setembro-2020.



#### 4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



## A CORUÑA

	SETEMBRO 2020 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.1/18.9	18.5	20.6 (2014)	15.7 (1952)
Tª mínima media	15.7/15.9	15.0	17.1 (2014)	12.2 (1952)
Tª mínima absoluta	10.4/11.1(día 28)	5.2 (20/09/1938)		
Tª mínima máis alta	18.4/19.5 (día 13/14)	20.6 (28/09/1990)		
Tª máxima media	22.5/23.0	21.8	23.5 (1987)	19.1 (1952)
Tª máxima absoluta	<b>35/35.4 (día 13)</b>	31.9 (02/09/2018)		
Tª máxima máis baixa	17.3/17.2 (día 26)	15.2 (01/09/1956)		
Precipitación acumulada	46	42-76	258 (1932)	3 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	9	8	19 (1933)	1 (1985)

*Mes cálido en xeral para a todas as temperaturas. Destaca a temperatura máxima absoluta, que neste mes acadou o valor máximo histórico da serie.*

*A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais para esta variable. Sen embargo, o número de días de chuvia foi lixeiramente maior ao valor climático agardado.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2020. Temperatura: 1948-2020.

## SANTIAGO

	SETEMBRO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.4	18.3	21.8 (1985)	15.9 (1933)
Tª mínima media	13.4	13.1	15.0 (2016)	11.8 (1996)
Tª mínima absoluta	7.3 (día 28)	3.6 (30/09/1982)		
Tª mínima máis alta	18.1 (día 13)	23.3 (06/09/2016)		
Tª máxima media	24.2	23.5	28.6 (1985)	19.9 (1993)
Tª máxima absoluta	33.8 (día 12)	40.0 (06/09/2016)		
Tª máxima máis baixa	15.6 (día 26)	12.5 (19/09/2000)		
Precipitación acumulada	65	56-105	263 (1999)	1 (2018)
Días de chuvia (≥1mm)	9	8	17 (1993)	0 (2018)

*Comentario: Mes cálido para as temperaturas máximas e mínimas, mentres que para as medias o mes cualifícase como moi cálido.*

*A precipitación rexistrada están dentro do rango de valores normais. Porén, o número de días de chuvia foi lixeiramente superior ao valor climático agardado.*

\* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2020. Temperatura: 1982-2020.





## LUGO

	SETEMBRO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.1	17.1	20.4 (1987)	14.0 (1995)
Tª mínima media	11.7	11.0	13.0 (1991)	8.8 (1989)
Tª mínima absoluta	3.3 (día 28)	1.0 (28/09/1993)		
Tª mínima máis alta	15.8 (día 5)	18.0 (01/09/1999)		
Tª máxima media	25.1	23.2	27.8 (1987)	18.9 (1995)
Tª máxima absoluta	35.2 (día 13)	39.4 (06/09/2016)		
Tª máxima máis baixa	16.4 (día 25)	13.0 (27/09/1992)		
Precipitación acumulada	40	42-66	137 (1986)	0 (1985)
Días de chuvía (≥1mm)	7	7	16 (1995)	2 (1988)

*Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperatura mínimas e medias, mentres que para as máximas o mes resultou moi cálido.*

*A precipitación rexistrado estivo moi preto do valor inferior do rango de valores normais para esta variable, resultando un mes lixeiramente seco. Sen embargo, acadouse o valor climático no número de días de chuvía.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2020. Temperatura: 1981-2020.

## PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	SETEMBRO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.4	18.7	20.6 (2013)	15.8 (1974)
Tª mínima media	13.8	13.0	15.2 (2018)	10.1 (1963)
Tª mínima absoluta	9.2 (día 28)	3.7 (29/09/1974)		
Tª mínima máis alta	17.9 (día 13)	19.0 (24/09/1968)		
Tª máxima media	25.0	24.3	27.5 (1985)	20.7 (1974)
Tª máxima absoluta	33.5 (día 12)	34.9 (06/09/1970)		
Tª máxima máis baixa	17.3 (día 26)	13.4 (16/09/1962)		
Precipitación acumulada	59	74-107	268 (1967)	4 (1989)
Días de chuvía (≥1mm)	8	8	18 (1968)	1 (1988)

*Comentario: Mes cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas.*

*A precipitación rexistrada foi inferior ao rango de valores normais, cualificándose o mes como seco nesta localidade, a pesar de que se acadou o valor climático de número de días de chuvía.*



\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1958-2020. Temperatura: 1958-2020.

## OURENSE

	SETEMBRO 2020	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.6	20.2	23.4 (2018)	16.7 (1974)
Tª mínima media	12.9	12.3	14.8 (1981)	9.7 (1974)
Tª mínima absoluta	5.4 (día 28)	3.0 (29/09/1974)		
Tª mínima máis alta	16.4 (día 17)	21.0 (18/09/1981)		
Tª máxima media	28.9	27.5	32.1 (2018)	23.1 (1993)
Tª máxima absoluta	37.1 (día 12)	41.6 (06/09/2016)		
Tª máxima máis baixa	17.4 (día 26)	15.4 (25/09/1994)		
Precipitación acumulada	40	29-67	227 (1999)	3 (2009)
Días de chuvia (≥1mm)	6	6	12 (1993)	1 (2009)

*Comentario:* Mes cálido tendo en conta as temperaturas máximas e medias, mentres que para as temperaturas mínimas o mes resultou normal.


O mes cualifícase como normal tendo en conta a precipitación acumulada e tamén, o número de días de chuvia.

Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2020. Temperatura: 1972-2020.

## 5 TEMPERATURA

As temperaturas foron en xeral cálidas neste mes de setembro, a esta descrición contribuíron as elevadas temperaturas rexistradas na primeira quincena do mes, a pesar de que o descenso de temperaturas na segunda quincena foi significativo.

### 5.1. Temperatura media das máximas.



**Figura 3:** Mapa de temperatura media das máximas do mes de setembro de 2020.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de setembro para Galicia, a partir dos valores do mapa da Figura 3 foi de 23.7 °C. Os valores máis altos rexistráronse no Miño ourensá, con valores próximos aos 30 °C de media. As máximas máis baixas déronse nas zonas de alta montaña das provincias de Lugo e Ourense, con máximas medias que nas zonas máis elevadas estiveron preto dos 15.4 °C.



## 5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de setembro, a partir dos valores do mapa da Figura 4, para o territorio galego foi de 11.8 °C. Os valores máis baixos rexistráronse na alta Limia, situándose por debaixo dos 6 °C. Pola contra, os valores máis altos déronse no litoral, destacando especialmente o litoral vigués cunha temperatura mínima media que roldou os 17.4 °C.





Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de setembro de 2020.



### 5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

O mapa de anomalías de temperatura media mostra que o mes de setembro foi en xeral cálido, tal e como se pode apreciar na Figura 5. A anomalía de temperatura media no conxunto de Galicia segundo os valores do mapa foi de +1.2 °C. Houbo unha gran diferenza entre a zona máis cálida, que se deu nas localidades limítrofes entre as comarcas de Vigo e o Baixo Miño, a anomalía de temperatura chegou aos +2.9 °C, e o golfo Ártabro, onde o mes mesmo resultou lixeiramente frío, cunha anomalía de -0.6 °C. O resto do territorio galego presenta unha anomalías máis homoxéneas.



**Figura 5:** Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de setembro de 2020 respecto ó período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) superaron os +2 °C principalmente na comarca de Vigo. As máis baixas (Táboa 2) tiveron na comarca de Bergantiños, onde estiveron moi próximas á normalidade.

<b>Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media</b>		
<b>con respecto ao período 1981-2010</b>		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Gondomar	Pontevedra	2.5
Baiona	Pontevedra	2.1
Nigrán	Pontevedra	2.1
Esgos	Ourense	2.1
Tui	Pontevedra	2.1
Tomiño	Pontevedra	2.0
Triacastela	Lugo	2.0
Lama (A)	Pontevedra	1.9
Cambre	A Coruña	1.9
Paradela	Lugo	1.9

**Táboa 1:** Anomalías de temperatura media máis elevadas no mes de setembro de 2020.

<b>Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media</b>		
<b>con respecto ao período 1981-2010</b>		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Coristanco	A Coruña	-0.3
Cabana de Bergantiños	A Coruña	0.0
Ponteceso	A Coruña	0.0
Malpica de Bergantiños	A Coruña	0.1
Valga	Pontevedra	0.3
Negueira de Muñiz	Lugo	0.3
Laxe	A Coruña	0.4
Caldas de Reis	Pontevedra	0.4
Pontecesures	Pontevedra	0.4
Cuntis	Pontevedra	0.4

**Táboa 2:** Anomalías de temperatura media máis baixas no mes de setembro de 2020.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de setembro de 2020 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornadas do 12 e o 13 resultaron as máis calorosas de mes en ambas altitudes. As provincias de Pontevedra e Ourense foron as máis afectadas por estes valores.

<b>Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2020 por debaixo dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
12/09/2020	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	38.6
03/09/2020	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	38.6
12/09/2020	Cequeliños	ARBO	Pontevedra	37.7
13/09/2020	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	37.7
12/09/2020	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	37.6
12/09/2020	Entenza	SALCEDA DE CASELAS	Pontevedra	37.4
13/09/2020	Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	37.3
12/09/2020	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	37.2
12/09/2020	A Granxa	PONTEAREAS	Pontevedra	37.1

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas en setembro de 2020 a unha altitude menor de 1000 m.

<b>Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de setembro de 2020 por enriba dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
04/09/2020	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	30.4
13/09/2020	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	29.9
04/09/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	29.8
03/09/2020	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	29.3
04/09/2020	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	29.1
13/09/2020	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	28.9
13/09/2020	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	28.7
04/09/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	27.9
13/09/2020	O Xistral	MURAS	Lugo	27.8
13/09/2020	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	27.4

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas en setembro de 2020 a unha altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de setembro de 2020 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. A xornada do 25 rexistrou as temperaturas máis baixas por riba dos 1000m, mentres que por debaixo destacou a xornada do 28. En ambos casos, as temperaturas apenas chegaron aos 5 °C.

<b>Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2020 por enriba dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
25/09/2020	Xares	VEIGA (A)	Ourense	0.0
25/09/2020	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	0.1
25/09/2020	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	0.7
25/09/2020	Ancares	CERVANTES	Lugo	2.6
25/09/2020	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	2.9
25/09/2020	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	3.0
25/09/2020	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	3.3
25/09/2020	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	3.5
28/09/2020	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	3.9
25/09/2020	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	3.9

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en setembro de 2020 a altitude superior a 1000m.

<b>Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de setembro de 2020 por debaixo dos 1000m de altitude</b>				
<b>Data</b>	<b>estación</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>	<b>TA (°C)</b>
28/09/2020	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-2.3
28/09/2020	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	0.4
28/09/2020	Lanzós	VILALBA	Lugo	0.4
21/09/2020	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	0.5
28/09/2020	Baltar	BALTAR	Ourense	0.5
28/09/2020	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	0.8
28/09/2020	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	1.0
28/09/2020	Cospeito	COSPEITO	Lugo	1.2
28/09/2020	Monte Medo	BAÑOS DE MOLGAS	Ourense	1.9
28/09/2020	Castro R. de Lea	CASTRO DE REI	Lugo	2.0

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en setembro de 2020 a altitude inferior a 1000m.



#### 5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2020.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2020 para esta serie foi 18.9 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2020 para setembro.

A anomalía media da temperatura para este mes de setembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.88 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como cálido. Isto debeuse principalmente as medias das temperaturas máximas que presentaron una anomalía de +1.34 °C (moi cálido), mentres que as mínimas tiveron unha anomalía moito menor +0.42 °C (normal). A anomalía de temperatura media, foi lixeiramente superior á do ano anterior.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en setembro, respecto ó período 1981-2010.

## 6 PRECIPITACIÓN

As chuvias acumuladas durante o mes non conseguiron nalgúns casos chegar á media climática, xa que houbo escasas xornadas de chuvia xeneralizada. Sen embargo, principalmente, as chuvias rexistradas a partir da xornada do 17 de setembro, deixou cantidades importantes de precipitación noutras zonas, de formas que no conxunto da Comunidade podemos falar dun mes normal en canto á precipitación en Galicia.

Segundo os valores do mapa da Figura 8, a precipitación media acumulada foi de 64 L/m<sup>2</sup>. As precipitacións acumuladas máis elevadas acadáronse principalmente, nas Serras do Xistral, nas serras dos Ancares e O Courel, e tamén na Serra do Suído na provincia de Pontevedra. Os valores acadados estiveron preto dos 151 L/m<sup>2</sup>, segundo os valores do mapa. Mentres que a zona que rexistrou a menor precipitación mensual foi a Mariña Oriental con valores próximos aos 17 L/m<sup>2</sup>.





Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de setembro de 2020.

### 6.1. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da Figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de setembro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 20 % inferior ao período de referencia 1981-2010. Así, pódense apreciar como os episodios máis chuviosos deixaron porcentaxes de precipitación de máis dun 103 % por riba do normal nesta época do ano, principalmente na provincia de Lugo, en contraste cas porcentaxes rexistradas nas zonas máis occidentais da Comunidade, onde puntualmente houbo porcentaxes dun 66% por debaixo do normal.



**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de setembro de 2020.



## 6.2. Días de chuva en setembro de 2020

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m<sup>2</sup>) foi de 6.2. Os valores máis altos acadáronse nas comarcas da Fonsagrada e Meira, onde se acadaron os 10 días de chuva. Pola contra, no sur da provincia de Ourense, acadáronse os valores máis baixos, chegando aos 5 días de chuva.




Figura 10: Días de chuva superior a 1 L/m<sup>2</sup> durante o mes de setembro de 2020.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de setembro. As precipitacións acumuladas máis altas chegaron superaron os 100 L/m<sup>2</sup> principalmente nas provincias de Lugo e Pontevedra. Así mesmo, destacan as xornadas do 20 e o 22 como as máis chuviosas, rexistrando valores por riba dos 40 L/m<sup>2</sup>, nalgunhas localidades.

Precipitacións acumuladas máximas en setembro de 2020			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Fontaneira	BALEIRA	Lugo	148
Rebordelo	COTOBADE	Pontevedra	122
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	120
Ponte Caldelas	PONTE CALDELAS	Pontevedra	120
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	119
Santa Cruz	VALADOURO (O)	Lugo	118
Ancares	CERVANTES	Lugo	117
A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	116
Río do Sol	CORISTANCO	A Coruña	111
Abradelo	SAMOS	Lugo	108


**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de setembro de 2020.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
Fontaneira	BALEIRA	Lugo	78	20/09/2020 03:30
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	55	22/09/2020 12:20
Ordes	ORDES	A Coruña	53	19/09/2020 23:20
A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	52	20/09/2020 05:50
Rebordelo	COTOBADE	Pontevedra	51	22/09/2020 06:00
Santa Cruz	VALADOURO (O)	Lugo	45	19/09/2020 07:20
Rus	CARBALLO	A Coruña	44	17/09/2020 16:00
Ponte Caldelas	PONTE CALDELAS	Pontevedra	44	22/09/2020 12:10
Guísamo	BERGONDO	A Coruña	39	17/09/2020 05:30
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	38	22/09/2020 11:30

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de setembro de 2020.


### 6.3. Evolución da precipitación en setembro de 2020

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2020, para esta serie, foi 54 L/m<sup>2</sup>.



**Figura 11:** Precipitación ó longo do período 1961-2020 para setembro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de setembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 27 % inferior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse normal, tendo en conta o conxunto da Comunidade, precedido tamén por un ano 2019 no que setembro presentou unha anomalía moi similar á acadada este ano.





**Figura 12:** Evolución da anomalía de precipitación en setembro, respecto ó período 1981-2010.

## 7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Como se pode observar na Táboa 9 só unha estación rexistrou valores de precipitación por riba do limiar mencionado. Aínda así a xornada do 24 rexistrou ventos moi fortes no norte e no leste da Comunidade. Cabe destacar tamén a xornada do 17, que aínda que non rexistrou valores por riba dos 100 km/h en ningunha estación, foi especialmente ventosa. Neste mes, cabe destacar o elevado número de calmas, debido a forte estabilidade da primeira quincena do mes.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en setembro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
24/09/2020	O Xistral	MURAS	Lugo	112.7

**Táboa 9:** Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de setembro de 2020.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	86.3	NE	20		
		Día 5				
Pta. Candieira	Cedeira	92.4	NE	11		
		Día 24				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Malpica	Malpica	72.1	SE	6		
		Día 24				
Marco da Curra	Monfero	70.4	SE	7		
		Día 17				







Táboa 10: Resumo do vento no mes de setembro de 2020 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	96	E	6		
		Día 24				
Ancares	Cervantes	67.4	S	17		
		Día 24				





Táboa 11: Resumo vento no mes de setembro de 2020 na provincia de Lugo





PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xares	A Veiga	92.5	NO	8		
		Día 17				
Rodicio	Maceda	51.6	NE	19		
		Día 17				
Gandarela	Celanova	46.7	NO	48		
		Día 17				

**Táboa 13:** Resumo do vento no mes de setembro de 2020 na provincia de Ourense.


PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente e dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	73.4	S	12		
		Día 17				
Cíes	Vigo	64.3	NE	31		
		Día 22				

**Táboa 14:** Resumo do vento no mes de setembro de 2020 na provincia de Pontevedra.



## 8 RADIACIÓN SOLAR

### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual




1315      1468      1622      1776

Figura 13: Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de setembro de 2020.



## 8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal



**Figura 14:** Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

## 9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de setembro 5393 raios. Como se pode observar estes raios detectáronse en gran parte na xornada do 17, na que se rexistraron en Galicia 4726 (Figura 15).




Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en setembro de 2020.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias. Como se pode ver na Figura 16 a gran maioría detectáronse na provincia de Lugo, quedando con valores similares nas provincias de Pontevedra e A Coruña, e con un rexistro moito menor na provincia de Ourense.





Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en setembro de 2020.



Na Figura 17 pódese ver o número total de raios rexistrados en setembro en Galicia dende o ano 2010 ao 2020. Este é o terceiro ano con máis raios rexistrados da última década. Pese a que o valor é moito máis baixo que o dos anos 2014 e 2018, este ano supera lixeiramente aos raios caídos o setembro do ano pasado.



**Figura 17:** Número total de raios rexistrados en setembro dende 2010 a 2020.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 9

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C				T <sup>a</sup> Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
<b>Lugo</b>																												
A Pontenova	16.8	22.35	34.7	13	12.9	6.8	28	37	6.5	20	-	85	99	61	48	179	1434	13	79	24	-	-	-	-	13	0		
Abradelo	16.6	23.07	32.1	4	11.6	4.1	28	108	34.0	20	-	70	93	44	60	226	1695	-	-	-	-	-	-	-	10	0		
*Alto do Faro	15.2	20.77	30.1	13	10.6	5.2	28	68	12.9	20	-	77	95	51	-	-	-	5	36	24	923	-	-	-	11	0		
*Alto do Poio	13.6	18.06	26.8	13	9.9	2.8	25	119	25.5	20	-	71	88	50	-	-	-	8	52	8	-	-	-	-	11	0		
Ancares	14.3	18.8	27.1	13	10.7	2.6	25	116	35.4	20	-5	67	85	47	59	224	1752	13	67	24	868	-	-	-	12	0		
*Borreiros	17.7	23.16	29.3	17	12.9	5.7	28	58	10.9	25	-26	86	99	64	48	181	1370	4	47	24	1011	-	-	-	13	0		
Bóveda	18.1	26.66	35.1	4	11.2	3.2	28	42	12.8	17	-80	71	94	37	62	235	1763	5	52	17	968	-	-	-	8	0		
Burela	16.3	19.26	28.5	13	14.1	9.0	25	49	9.2	27	-33	86	97	71	48	178	1420	13	74	24	970	-	-	-	11	0		
Campus Lugo	17.3	25.06	35.2	13	11.7	3.3	28	39	22.4	17	-63	81	100	46	52	196	1608	5	52	17	971	-	-	-	9	0		
Castro R. de Lea	16.5	23.16	33.5	13	11.3	2.0	28	48	13.8	17	-	84	99	54	56	212	1638	-	-	-	970	-	-	-	10	0		
Conchada	17.9	25.3	33.7	12	12.3	4.7	28	77	30.0	17	-	73	94	48	60	227	1720	-	-	-	-	-	-	-	10	0		
Corno do Boi	15.4	21.25	31.5	13	11.4	6.2	28	83	24.2	17	-6	81	97	54	54	202	1403	11	61	24	-	-	-	-	11	0		
Cospeito	15.8	23.02	34.5	13	10.0	1.1	28	82	22.1	17	-12	87	100	56	55	206	1620	7	51	17	-	-	-	-	11	0		
Courel	17.1	24.3	32.1	13	11.8	3.3	28	84	30.0	17	-44	67	91	40	59	223	1685	8	63	25	930	-	-	-	10	0		
Fontaneira	15.1	20.32	30.0	13	10.9	4.1	28	147	77.7	20	45	78	95	54	58	220	1587	15	77	24	907	-	-	-	11	0		
Foz	17.3	21.52	25.7	13	13.5	6.0	28	30	9.0	14	-62	84	95	66	52	195	1514	8	59	24	1010	-	-	-	11	0		
Fragavella	14.7	19.21	31.2	13	10.6	3.5	28	101	37.0	14	18	88	99	66	53	199	1518	11	71	24	950	-	-	-	16	0		
Guitiriz-Mirador	15.5	20.93	32.2	13	11.8	6.3	27	70	23.7	17	-24	82	96	56	54	205	1519	9	53	6	940	-	-	-	10	0		
*Labrada	15.0	19.31	30.6	13	11.8	6.8	27	79	11.5	30	-8	84	98	63	52	196	1512	9	58	24	-	-	-	-	15	0		
*Lanzós	15.2	22.35	32.8	13	8.8	0.4	28	85	23.4	17	-	84	97	60	-	-	-	3	35	7	963	-	-	-	12	0		
*Lourenzá	17.5	23.42	31.5	13	12.5	4.6	28	33	6.2	14	-	85	98	63	-	-	-	2	38	24	-	-	-	-	14	0		
Marroxo	17.6	24.28	32.6	13	12.6	5.1	28	36	14.6	17	-83	71	93	43	60	225	1673	7	46	24	945	-	-	-	9	0		
*Míllara	18.6	26.83	36.3	13	13.0	5.9	28	32	9.1	20	-	74	97	40	-	-	-	5	50	5	-	-	-	-	8	0		
Monforte	18.5	27.19	35.4	12	11.7	5.7	28	27	13.0	17	-82	77	100	39	55	206	1657	3	33	25	-	-	-	-	9	0		
*Morelle	17.4	25.74	34.3	4	11.0	3.2	28	37	13.8	17	-50	82	100	46	39	148	1320	3	27	6	970	-	-	-	10	0		
O Cebreiro	13.6	20.31	27.9	4	9.1	3.0	25	104	32.2	17	-5	77	95	55	59	222	1715	12	67	25	873	-	-	-	12	0		
O Xipro	15.6	22.14	32.9	13	10.7	4.3	28	49	10.1	24	-52	82	99	51	57	216	1643	9	51	24	928	-	-	-	12	0		
O Xistral	13.7	16.79	27.8	13	10.9	5.5	25	84	14.6	17	2	86	98	67	56	212	1601	29	112	24	-	-	-	-	14	0		
*Olveda	16.2	23.49	34.5	13	10.7	4.5	28	62	29.4	17	-41	78	98	48	54	204	1627	3	28	25	-	-	-	-	11	0		
Pedro Murias	18.0	21.73	26.9	13	14.4	8.9	28	41	13.6	14	-43	86	96	71	49	185	1408	8	62	30	1013	-	-	-	13	0		
Penedo do Galo	15.4	18.75	32.6	13	13.0	7.8	25	90	32.2	14	10	87	99	71	50	187	1441	20	96	24	-	-	-	-	16	0		
Pol	15.8	22.21	32.9	13	11.4	4.6	28	69	20.8	20	-	83	100	52	56	211	1588	-	-	-	944	-	-	-	13	0		
Portomarín	17.2	25.39	34.3	13	11.7	3.5	28	59	29.7	17	-	80	99	46	54	202	1655	-	-	-	967	-	-	-	8	0		
Riotorto	17.1	22.91	33.9	13	12.9	5.1	28	61	16.6	14	-28	91	100	65	48	179	1522	6	51	23	-	-	-	-	14	0		
Sambreixo	15.8	23.01	33.7	13	9.8	0.8	28	62	21.3	20	-	84	99	55	57	213	1623	-	-	-	-	-	-	-	9	0		
*San Clodio	19.0	27.83	36.0	12	11.9	6.4	28	42	17.0	17	-	72	98	39	-	-	-	2	39	17	988	-	-	-	9	0		
*San Fiz	18.0	25.32	34.1	13	12.6	6.0	28	33	8.2	23	-84	76	95	45	56	209	1767	3	32	24	972	-	-	-	9	0		
Santa Cruz	17.4	23.27	32.7	13	12.1	3.8	28	118	44.8	19	29	87	100	63	47	177	1451	3	50	24	-	-	-	-	12	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 9

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Serra Vacaloura	15.8	22.03	31.4	13	11.5	5.4	28	60	24.8	17	-46	82	99	52	63	238	1758	16	63	6	-	11	0		
Ventosa	15.4	21.57	31.9	13	10.3	2.2	28	66	28.4	20	-43	74	93	50	60	228	1671	9	63	17	915	11	0		
*Vilamor	17.4	22.72	31.5	13	12.8	4.3	28	70	25.9	14	-23	78	90	58	48	181	1432	5	51	24	-	10	0		
*Xabrega	18.3	27.54	35.8	13	11.8	5.7	28	37	10.9	17	-78	73	95	39	55	208	1652	3	37	24	981	8	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 9

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días			
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
<b>Ourense</b>																												
A Mezquita	16.0	22.09	29.1	4	10.4	4.9	25	56	24.6	20	-73	63	83	41	64	242	1792	10	62	25	904	8	0					
*A Portela	19.6	28.45	36.9	4	12.4	5.8	28	70	28.8	17	-54	64	91	33	61	229	1627	4	33	17	-	10	0					
*A Trabe	18.2	24.4	32.2	4	12.6	7.0	26	59	21.5	20	-67	62	81	42	63	236	1745	4	40	17	930	6	0					
Alto do Rodicio	15.6	21.28	29.7	13	10.8	5.3	25	71	14.0	23	-44	74	93	50	63	235	1753	10	51	17	908	10	0					
Amiudal	17.8	24.97	33.2	13	12.4	5.6	28	67	17.0	20	-56	70	93	42	64	240	1775	7	60	24	955	11	0					
As Petarelas	18.5	26.53	35.1	13	11.9	5.0	28	46	19.4	20	-	64	89	38	64	241	1764	-	-	-	-	7	0					
Baltar	16.1	24.28	31.6	4	7.7	0.5	28	40	16.7	19	-85	69	95	38	65	244	1819	8	49	8	927	8	0					
Cabeza de Manzaneda	11.9	15.46	22.0	12	8.7	0.1	25	72	18.0	20	-37	66	84	46	58	219	1631	18	78	26	828	10	0					
*Calvos	14.4	23.18	31.1	12	4.7	-2.3	28	50	14.7	19	-60	76	99	45	62	235	1766	6	40	17	-	8	3					
Casaio	15.6	20.25	27.4	13	11.3	3.5	25	29	10.7	17	-	60	80	42	-	-	-	6	49	17	-	11	0					
*Corzos	14.7	21.89	29.9	13	8.7	3.3	25	72	33.1	17	-	65	85	42	-	-	-	7	39	17	-	10	0					
Entrimo	17.9	25.23	33.7	12	12.4	6.6	28	54	16.2	19	-	70	89	47	53	201	1588	-	-	-	-	10	0					
*EVEGA Leiro	19.2	29.85	38.6	12	11.1	3.8	28	70	27.6	20	-	71	95	35	-	-	-	1	28	17	1006	8	0					
Gandarela	18.1	25.35	34.3	13	12.6	6.0	28	46	19.4	19	-75	70	90	44	59	223	1698	6	46	17	946	8	0					
Lardeira	12.9	17.55	25.8	13	9.2	0.7	25	34	12.4	20	-85	66	83	47	60	227	1734	15	74	17	842	8	0					
*Larouco	18.8	26.45	34.4	4	12.1	5.2	28	38	15.9	20	-	59	82	34	-	-	-	3	29	14	958	9	0					
Laza	18.3	27.06	35.6	4	10.9	4.8	28	64	28.4	19	-61	65	93	34	62	232	1702	6	45	17	-	10	0					
Monte Medo	17.2	25.03	33.5	12	10.4	1.9	28	55	13.8	20	-	71	95	41	58	218	1631	-	-	-	-	10	0					
O Invernadeiro	15.0	22.68	29.8	4	8.6	3.9	28	71	25.7	20	-48	69	91	43	62	232	1748	8	51	24	903	10	0					
Ourense	19.9	28.87	37.1	12	12.9	5.4	28	40	13.6	19	-	65	90	33	-	-	-	-	-	-	-	7	0					
Ourense-Estacións	20.5	28.96	37.7	13	13.9	6.9	28	34	9.6	19	-87	65	89	34	62	234	1674	3	45	24	1003	6	0					
*Pazo de Fontefiz	18.4	25.35	33.9	13	12.6	5.8	28	58	15.7	20	-56	71	92	44	58	218	1621	4	34	6	970	9	0					
*Ponte Boga	18.4	26.35	34.5	13	12.2	4.6	28	51	20.7	20	-74	63	84	36	58	218	1675	4	42	24	964	9	0					
*Prado	19.4	28.97	37.6	12	12.2	5.2	28	35	11.3	20	-	71	93	40	-	-	-	2	25	17	1002	6	0					
Remuíño	18.9	29.85	38.5	3	11.6	4.6	28	57	16.0	20	-58	74	96	37	54	203	1610	4	37	4	-	9	0					
*Riós	17.8	24.08	31.6	4	12.3	5.6	26	61	16.4	20	-66	63	85	40	66	246	1793	5	37	24	-	7	0					
San Xoán de Río	15.5	21.72	30.4	4	10.5	4.6	25	56	11.8	20	-63	72	91	47	60	226	1707	12	65	24	903	11	0					
Serra do Eixe	14.9	20.66	28.9	13	10.1	3.9	25	66	26.6	17	-53	71	91	49	64	242	1779	11	57	14	882	9	0					
Verín-Vilamaior	19.0	26.98	34.8	4	12.3	5.7	28	41	18.2	19	-91	63	87	37	64	239	1774	6	47	18	956	7	0					
Verín-Vilela	17.7	28.12	35.4	4	8.3	2.1	28	36	15.6	20	-81	71	98	36	63	237	1729	4	45	18	-	5	0					
Viana do Bolo	16.5	24.67	31.9	4	9.3	2.1	28	56	31.0	20	-60	69	94	41	59	222	1679	6	45	17	922	9	0					
Xares	12.2	16.35	24.0	13	8.6	0.0	25	44	10.0	20	-75	65	81	47	61	231	1725	20	92	17	827	11	0					
Xinzo	16.5	25.39	33.3	4	7.7	1.0	28	51	27.4	20	-68	74	99	41	62	233	1764	8	52	18	947	8	0					
Xurés	16.5	21.98	29.3	3	11.7	5.2	25	45	14.9	19	--	65	86	44	65	243	1797	--	--	-	900	10	0					

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 9

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C				T <sup>a</sup> Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
<b>Pontevedra</b>																												
A Granxa	18.9	27.97	37.1	12	11.3	4.6	28	70	24.1	23	-40	76	97	44	62	234	1661	3	34	14	1013	10	0					
A Lanzada	18.9	24.19	35.3	12	14.4	9.5	25	29	8.7	22	-89	79	92	58	66	250	1726	13	63	6	-	8	0					
*Areas	19.9	26.96	36.0	12	14.6	9.5	26	60	16.8	22	-55	83	97	55	61	229	1704	2	40	6	-	11	0					
*As Eiras	19.0	25.92	36.1	12	13.2	8.7	28	37	16.2	22	-76	77	96	50	63	236	1688	3	37	5	1012	10	0					
Atios	18.7	27.25	36.6	12	11.6	5.2	28	91	25.6	17	-18	82	100	48	61	231	1692	3	35	14	-	10	0					
Baiona	18.8	22.96	29.6	13	14.7	8.6	28	48	31.2	22	-63	80	95	60	66	248	1743	6	54	24	-	8	0					
*Barrantes	18.5	24.78	34.9	12	12.6	7.1	30	31	14.8	17	-74	79	95	55	62	235	1617	3	49	6	-	8	0					
Cabo Udra	18.7	23.15	30.3	12	15.2	11.2	28	33	12.5	22	-78	81	96	62	62	232	1748	11	52	22	-	9	0					
Caldas de Reis	18.4	24.64	33.7	12	13.9	8.1	28	72	32.7	17	-39	76	92	53	54	202	1626	6	53	6	986	11	0					
*Camanzo	18.5	25.54	35.6	13	12.7	5.5	28	38	16.7	18	-72	77	94	52	58	218	1652	4	38	20	993	8	0					
Cangas-Porto	19.2	23.63	32.6	12	15.7	10.0	28	47	23.9	22	-	73	87	54	-	-	-	6	43	22	-	10	0					
Castro Vicaludo	18.4	22.67	32.5	12	14.8	9.2	28	61	23.4	22	-61	74	90	54	61	230	1726	12	68	22	962	11	0					
Castrove	17.9	23.85	34.6	12	13.5	8.7	28	56	16.7	22	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	12	0					
*Cequelifios	19.8	27.76	37.7	12	13.9	8.0	28	45	11.8	19	-88	69	90	40	64	240	1738	6	37	17	-	9	0					
Corón	18.9	22.92	32.5	12	15.6	11.5	30	49	17.7	22	-72	76	89	57	67	251	1768	15	80	5	1016	9	0					
*Entenza	19.8	27.52	37.3	12	14.0	8.5	28	44	13.2	17	-72	73	93	45	59	223	1702	1	30	6	-	9	0					
Forcarei	16.5	21.93	31.2	13	12.0	6.0	28	76	22.1	18	-34	79	96	54	61	231	1707	11	53	24	-	11	0					
Fornelos de Montes	18.1	22.4	31.2	13	14.6	7.5	25	119	34.7	22	-18	67	85	48	63	239	1750	14	73	17	937	10	0					
Gargamala	19.6	26.7	36.0	12	13.9	6.9	28	76	18.3	22	-45	73	91	46	65	243	1734	3	52	17	-	9	0					
Illas Cíes	19.0	23.2	32.9	12	15.7	12.0	28	39	23.4	22	-72	81	96	62	65	243	1741	9	64	22	-	10	0					
Lalín	17.2	23.67	33.2	12	11.9	4.2	28	79	20.1	17	-	76	97	48	-	-	-	7	53	24	-	10	0					
*Louredo	18.4	25.18	34.8	12	13.8	7.7	28	93	36.0	17	-	77	94	53	-	-	-	2	31	13	988	12	0					
Lourizán	18.7	25.03	33.5	12	13.8	9.2	28	59	21.8	22	-44	81	96	57	53	200	1576	2	30	24	1011	10	0					
*Meder	20.0	28.2	37.3	13	13.8	7.8	28	71	24.4	17	-	68	88	41	-	-	-	1	27	20	1000	9	0					
Monte Aloia	18.2	25.21	36.7	12	13.5	7.2	28	97	23.5	22	-7	77	94	54	43	163	1468	6	37	17	962	13	0					
Mouriscade	17.0	24.17	33.7	12	10.7	0.4	28	49	16.8	18	--	--	--	--	--	--	--	--	--	1	--	10	0					
O Viso	19.3	27.48	37.0	12	13.9	7.3	28	78	26.1	22	-36	69	86	45	54	203	1531	6	41	5	986	11	0					
Ons	18.6	22.44	29.9	12	15.4	10.9	28	27	11.6	22	-89	80	94	62	63	238	1796	17	73	6	--	10	0					
*Pé Redondo	19.4	25.17	35.1	12	14.8	9.5	28	39	9.8	17	-56	77	92	56	54	203	1415	1	41	6	-	9	0					
*Ponte Caldelas	18.3	24.03	33.8	12	13.1	7.5	25	119	40.3	22	-1	71	87	52	62	232	1632	6	47	6	976	10	0					
Pontevedra-Campolongo	19.8	27.23	37.2	12	14.3	9.5	28	62	22.4	22	-	74	94	46	-	-	-	2	32	17	-	12	0					
Rebordelo	17.3	24.78	34.7	12	10.3	3.0	28	121	46.8	22	-	79	98	50	62	232	1623	-	-	-	976	11	0					
San Nomedio	18.8	23.47	32.5	13	15.3	8.2	25	78	19.2	17	-52	68	84	50	58	217	1630	12	60	13	-	10	0					
Sanxenxo	19.5	25.06	34.3	12	15.2	9.9	28	37	16.0	17	-73	71	87	50	57	215	1613	3	37	1	1013	10	0					
Serra do Faro	15.6	20.44	28.9	13	11.6	5.4	25	60	15.4	20	-57	71	88	49	62	235	1678	14	61	6	906	12	0					
*Simes	18.9	26.17	35.5	12	13.0	6.8	28	38	13.9	17	-	78	95	53	61	231	1681	-	-	-	-	9	0					
*Soutomaior	19.2	25.65	35.5	12	14.5	8.3	28	62	26.2	22	-	67	82	46	-	-	-	2	29	24	997	11	0					
*Torrequeintás	19.3	25.4	36.1	12	14.1	9.1	25	52	24.6	17	-60	81	96	59	61	228	1700	4	39	22	1009	11	0					

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2020 Mes: 9

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
*Tremoedo	18.7	24.32	34.5	12	13.9	8.7	28	45	18.8	22	-	75	91	53	-	-	-	3	45	5	1010	11	0		
Vigo	19.9	24.91	35.0	12	15.7	9.4	28	78	28.3	22	-	70	86	51	-	-	-	-	-	-	-	10	0		
Vigo-Campus	18.8	22.56	32.0	12	15.6	10.4	25	74	25.6	22	-50	70	85	53	66	249	1760	6	44	22	965	10	0		
Xesteiras	16.3	20.18	30.5	13	13.1	6.7	28	66	18.4	22	-	77	92	58	-	-	-	22	87	6	-	13	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.